

O Día da Galiza

Tense celebrado xá o "Día de Galicia". Aínda non fai mais que dous anos que acordamos, na Asambléa de Santiago, que se celebrara o 25 de Xulio e xa vense conmemorando en toda Galiza e América. O ano pasado, primeiro que se celebróu, foi conmemorado sómentes n'algúns pobos. Este ano xa e foi con mais solemnidade e en cuase todol-os pobos da Patria. Todas-as "Irmandás" teñen celebrado este ano "O Día de Galiza".

A de Ourense puxo por primeira vez a bandeira galega no seu local, celebrou unha festa íntima á que asistiron algúns elementos do coro "De Ruada" e n'algunhas sociedades foi posta a bandeira galega a petición da "Mocidade" d'aquel pobo. Ademais a banda municipal tocou no paseo un programa ga-

Na Cruña conqueíuse que por primeira vez fora posta a nosa bandeira a carón da hespañola no Concello municipal. Espallóuse pol-as ruas unha folla en galego un saúdo as nazonalidades da Iberia que como nós loitan pol-o mesmo ideal e á nosa irmá de raza Irlanda. A banda de Isabel la Católica executou un programa de música galega e na "Irmandade" celebrouse unha velada na que se léu a saga de Cabanillas "O cabaleiro do Sant Grial" que publicamos aparte, e rendimos un homenaxe a Rosalía Castro. Verios irmáns pronunciaron discursos facendo votos pol-o triunfo da Nosa Causa.

Entre as "Irmandades" e grupos nazonalistas da Patria e de fora d'ela foron cruzados moitos telegramas e tarxetas de saúdo no patriótico día que se celebraba. Eguamente se fixo entre outros irmáns.

Este foi "O Día de Galiza" no ano que estamos. Agora cumpre traballar pra que en anos sucesivos e canto antes millor, sexa celebrado coa solemnidade que debe celebrarse un día tan galego e tan patriótico como a data do 25 de Xulio.

¡Saude e Terra!